

EDITORIAL

Pola coincidencia do seu recente nomeamento como Doutor Honoris Causa pola USC, quero, en nome de todo o Comité de Redacción, adicar este novo número de QUINTANA ao benquerido mestre Antonio Bonet Correa. O presente volume, número 11 da revista, ábrese cunha sección temática adicada a un dos campos de investigación máis novidosos e interdisciplinares que se están a desenvolver nos últimos anos. Trátase do tema de Arte, natureza e paisaxe, unha liña de traballo na que se ten avanzado moito e que neste número conta coas achegas de Rose Walker, Jean-Marc Besse, José Manuel García Iglesias, Javier Maderuelo e Gilles Tiberghien. Mesmo na sección de Colaboracións, como sempre de temática libre, atopamos tamén traballos que inciden en diferentes puntos de vista sobre esta materia, como son os artigos asinados por F. López Silvestre, P. Luengo Gutiérrez, M. Pazos Otón, R. C. Lois González e V. Paül Carril, L. Pelayo González ou J. Ramírez Blanco. No resto de traballos cómpre salientar a novidade das olladas cara temas como as ilustracións e literatura arredor da batalla de Lepanto, os dispositivos para a construción da mirada nas performances, a proposta de valoración patrimonial das fortificacións hispanoportuguesas na costa marroquí, a narrativa na ficción televisiva, o papel do espello na arte das últimas décadas ou a recuperación da Casa do Cabido en Compostela.

En canto á sección Escritos sobre..., nesta ocasión adícase a analizar o sucedido en Santiago de Compostela na primeira década do século XX, co gallo da aceda polémica xurdida en torno á restauración da policromía da fachada da Catedral compostelana. Nuns tempos nos que voltamos a ver como as andamiaxes ocultan esta fachada, nunha nova intervención de limpeza e restauración, non pode ser máis oportuna esta valoración dos argumentos legais e estéticos postos en xogo fai cen anos arredor do mesmo asunto.

O número complétase, na sección Feitos e tendencias, coas reseñas sobre a exposición da paisaxe nórdica no Museo do Prado, e a reflexión sobre o obradoiro de comisariado desenvolto na última edición do Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da nosa Universidade de Santiago de Compostela. Por último, as reseñas de bibliografía dan mostra, unha vez máis, da amplitude de enfoques que están a ter cabida na nosa revista, cada vez máis reclamada como espazo para a difusión científica por investigadores nacionais e estranxeiros.

De feito, foron varias as novidades en canto á inclusión de QUINTANA en índices e bases de datos de revistas científicas. Segundo o índice DICE, QUINTANA ocupa na actualidade o posto 6 de 64 na área de Historia da arte, cunha porcentaxe de internacionalidade de contribucións do 52.38%. Esta posición na élite das revistas españolas da área vén de ser confirmada polo índice MIAR, que a sitúa na posición 3 de 8 na área de Historia da Arte. Ao respecto hai que salientar a inminente inclusión de QUINTANA no repositorio Redalyc, o que garantirá unha máis intensa repercusión dos traballos publicados no ámbito hispanoamericano, e tamén a integración no portal dixital de revistas científicas da Universidade de Santiago de Compostela (RevUSC), enmarcado na plataforma OJS, co cal a revista acadará aínda máis visibilidade no ámbito europeo.

Para concluír, un ano máis quero deixar constancia do meu agradecemento, polo seu constante apoio, a Deputación Provincial da Coruña, sen o cal a revista QUINTANA non tería superada esta primeira década de vida. Na actual situación de crise, manter ou mesmo incrementar o nivel de calidade só será posible coa combinación de rigor, modernidade e apertura que sempre foron os sinais de identidade de QUINTANA. Grazas tamén a todos os investigadores que coas súas achegas a foron enriquecendo ao longo desta década.

M^a Luisa Sobrino Manzanares
Directora de QUINTANA